

Recurso nº 46 /2019**Resolución nº 54/2019****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 13 de marzo de 2019.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por D. F.J.H.G. actuando en nome e representación de INDO OPTICAL, S.L.U. contra a exclusión da súa oferta para o lote 13 dunha subministración de oftalmoloxía con destino a varios hospitais do Servizo Galego de Saúde, referencia AB-SER2-18-011, o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adiante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Polo Servizo Galego de Saúde convocouse a licitación do contrato dunha subministración de oftalmoloxía con destino a varios hospitais do Servizo Galego de Saúde, referencia AB-SER2-18-011, dividida en 18 lotes, cun valor estimado declarado de 1.312.400 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 02.10.2018 e no DOUE o 06.10.2018.

Segundo.- O expediente da licitación recolle que a mesma estivo sometida á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP, en diante).

Terceiro.- A mesa de contratación en sesión do 07.02.2019 acordou a exclusión da licitación do lote 13, Unidade de refracción, ao non cumprir os requisitos mínimos establecidos no PPT, polos seguintes motivos:

“Unidad de refracción: No se incluye caja de lentes de prueba con montura. Adicionalmente a lo anterior la oferta no incluye información acerca de los siguientes mínimos del PPT.

Sillón de oftalmología: No especifica que la base sea fija. No especifica que sea resistente a los productos de limpieza.”

A exclusión foi posta a disposición da recorrente por Notifica.gal o 11.02.2019, con acceso ao día seguinte.

Cuarto.- O 19.02.2019 INDO OPTICAL, S.L.U. interpuxo recurso especial en materia de contratación, a través do formulario telemático existente a tal fin na sede electrónica da Xunta de Galicia, con enlaces cara a mesma na web deste Tribunal.

Quinto.- O mesmo 19.02.2019 reclamouse ao Servizo Galego de Saúde o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en adiante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 05.03.2019.

Sexto.- Trasládouse o recurso aos interesados o mesmo 05.03.2019, recibíndose alegacións de TOPCON ESPAÑA S.A.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- O presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual aprobado polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro.

Terceiro.- O recorrente posúe lexitimación para o recurso especial porque foi licitador na contratación no lote 13 sendo a súa oferta excluída, polo que a revogación desa decisión lle ocasionaría un beneficio.

Cuarto.- Dadas as datas, o recurso se interpuxo dentro do prazo.

Quinto.- En canto á impugnabilidade do acto, a exclusión efectuada pola mesa de contratación figura expresamente no artigo 44.2.b LCSP, sendo o valor estimado da contratación da subministración superior á contía de 100.000 euros, polo que o recurso é admisible.

Sexto.- As explicacións do recorrente foron: *“Unidad de refracción: En el citado lote de la unidad de refacción, indicar que si esta incluída la caja de lentes solicitada en el pliego de prescripciones tecnica, y contemplada su inclusión en la económica correspondiente. Sillón de oftalmología: La base es fija. Es resistente a los productos de limpieza.”*

Sétimo.- O órgano de contratación afirma que a licitadora, na oferta presentada, cando cumprimentou a enquisa técnica da unidade de refracción fixo constar: *“Caja de lentes de prueba (S/N).Especificar: No”* e no referente ao o sillón de oftalmoloxía, as respostas que constan nas páxinas 1 e 2 da enquisa técnica non mencionan en ningún dos apartados datos acerca da base ou da resistencia aos produtos de limpeza. Engade que tampouco achegou catálogo de produto nin documento técnico do fabricante do equipo, e que *“no se incluye ninguna documentación en el recurso que pueda ilustrar lo anteriormente citado”*.

Oitavo.- A empresa alegante solicita a desestimación do recurso por non cumprir a oferta da recorrente as especificacións do PPT.

Noveno.- O lote 13 titulado *Unidad de refracción*, estaba composto de *Sillón de Oftamología e Unidad de Refracción*.

O PPT, para ese lote 13, sinala:

“Al objeto de facilitar el proceso de evaluación y selección deberá cumplimentar la encuesta técnica adjunta al Pliego de Condiciones Técnicas.”

No Anexo III, referido ao contido do sobre B, constaba:

“El Sobre B contendrá la OFERTA TÉCNICA constituida por los documentos acreditativos de la proposición que reflejen las características de la oferta del licitador, cuya cuantificación dependan de un juicio de valor, y que se indican a continuación:

1.- Documentación descriptiva y acreditativa de las características de la oferta, que describa, justifique y acredite las características de los equipos ofertados”.

Entrando xa no debate presentado, sobre o elemento referido á *Unidad de refracción*, o PPT esixía: *“Incluirá caja de lentes de prueba, con montura”.*

Comproba este TACGal que na oferta presentada pola recorrente, na páxina 7 da enquisa técnica que esta cumprimentou, declara “No” a *“Caja de lentes de prueba (S/N).Especificar:”*. Polo tanto, é conforme a dereito a exclusión decretada por isto, cando o declarado polo licitador recolle a omisión do elemento esixido.

Sobre o *Sillón de oftalmología*, o PPT pedía:

“-Sillón de base fija

- Resistente a los productos de limpieza

(...)”

Como acabamos de ver, a oferta presentada polo recorrente nese procedemento contaba cunha enquisa técnica, achegada e cumprimentada por esta empresa, onde, no tocante a ese sillón de oftalmoloxía non declarou que o modelo ofertado cumprira coa esixencia de base fixa e de resistencia a produtos de limpeza, sendo a correcta configuración da proposición a súa responsabilidade.

A maiores, debe ser apuntado que o recorrente optou por non acompañar aquela enquisa técnica con, por exemplo, catálogos con descrición técnica o cal estaba permitido, sen que este recurso especial e o que nel se achegue se poida transformar nun trámite para modificar nin complementar a oferta presentada por este licitador. Só a maiores, e só para avanzar na cuestión, do que xunta co recurso non se observa que o mesmo permitira dar por constatado, por poñer un exemplo, a resistencia aos produtos de limpeza.

Por todo iso, procede a desestimación do recurso.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Desestimar** o recurso interposto por INDO OPTICAL, S.L.U. contra a exclusión da súa oferta para o lote 13 dunha subministración de oftalmoloxía con destino a varios hospitais do Servizo Galego de Saúde, referencia AB-SER2-18-011.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.